

**Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. Colección: Colección: Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane**  
**Ficha documental da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Luís Seoane do 21/03/1957**

**Colección:**

**Data:** 21/03/1957

**De:**

Isaac Díaz Pardo;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

O Castro [parr. Osedo, conc. Sada] (local), Osedo (parroquial), Sada (municipal)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Localización física:** Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane. ; Artes; Artes visuais; Emigración; Migracións;

**Mencionados:**

Álvaro Cebreiro; Diego Díaz Dorado; Francisco Fernández del Riego; Valentín Paz-Andrade; Maruxa Seoane;

**Notas do editor:**

---

## **Transcrición da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Luís Seoane do 21/03/1957**

Castro de Samoedo  
21 de Marzo de 1957

Sr. Don Luis Seoane  
BUENOS AIRES

Querido Luis:

Recibo a tua do 6 cte. Tamén me chegou outra do Inx. Díaz Dorado. Tomo boa nota e cargo do que na tua carta e na d'il encargádesme. Poreime pirmeiramente a fala con Paco del Riego pra que vaian as cousas de acordo, e xa oxe mesmo escribinlle. Descuida, o recibir a contestación de Paco eu poreime sobor do asunto, e algo xa

teño adiantado, con moita da xente que ti citas, xa que ahi habiasme encarregado porparar algo semellante con vistas a facelo no Centro Galego i-eu non me había esquecido da cousa.

Velahí che van 6 fotografías de pezas de porcelán interpretando cousas de artistas galegos que xa che falei noutra carta. Os artistas galegos teredesme de perdoar a miña interpretación das vosas cousas. Dentro d'unhos dias mandareite un catálogo que se está imprimindo. Son istas pezas vosas de serie numerada e posibelmente o límite será de 1000 por modelo xa que si se fai moi limitada a serie saen moi caras y custa moito vendelas. A frábica entrega con cada peza unha garantía da limitazón da serie. Posibelmente a metade da serie ista poderiase facer na frábica da Arxentina. Xa veremos. De momento as pezas vomolas a vender nos a 200 pesetas cada unha. Posibelmente a medida que se vai agotando a serie ou si teñen moita demanda poderase subir o precio. Do importe total da venta se vos reserva a cada artista o 10%. E decir que namentras se vendan as pezas a 200, eiquí, nos libros da Empresa, se vos habre unha contiña ó voso nome, e por cada unha se vos abonan 20 pesetas. Hai que contar conque tardarase anos en vender toda a serie, pro inda non están postas a venda e xa temos encarrego de varias coleucións. Verei de mandarche uns cantos exemprares non ben enceten a outerse mais.

Fago canto podo por outerche cousas que podan intresarche pra a Revista, pro a xente está tan atarefada que non hai maneira de facela traballar en outra cousa que non sexa gañar o pan noso de cada dia. Votándolle isto en cara a un que che ten pormetido un traballo decíame: "o diñeiro agora non val ren pro vóltase un tolo pra gañar ise diñeiro" i-elo é certo e desesperante. As dificultades económicas é sempre o home da rua o que ten que apeitar con elas por iso ten moito de parvo quen se adica a faguer solitarios e non se preocupa mais que do seu solitario porque as demais cousas do mundo non lle intresan. Cando un veciño do rueiro fai festa a pagan tpdol'os veciños queran ou non.

Non te esquezas que teñen pedido que lle enviesdes unha coleución da revista a biblioteca da Academia Galega. Mándalle tamén un número os familiares de Cebreiro. As fotografías que lle deixei a Valentin tardaron un pouquiño mais do que eu coidaba en sair de Vigo, agora xa van pol'o mar. ¡l-eu que as deixei en Vigo pensando que te chegarían denantes!

Fondas lembranzas dos meus pra ti e Maruxa. Tensas apertas miñas pra ti e mais pra ela.

Isaac

---

Colabora



---

Agradecementos

**Familia Isaac Díaz Pardo**

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.